

O RUÍDO E A FURIA

Parafraseando o famoso título de Willian Faulkner no que relata a súa viaxe polo sur dos EE.UU. tras a derrota do seu país na guerra de Secesión, neste ciclo propoñemos filmes que tamén presentan unha viaxe por países que sobreviven a conflitos aínda latentes, cheos de furia e violencia. Cambios complexos e abundantes danos colaterais que non veñen doutros mundos ou dimensións alternas, senón que son froito da incapacidade, ineptitude e a falta de xenerosidade que ten o ser humano para chegar a acordos.

Laura Mora pregunta en ***Matar a Xesús***, que faríamos se fósemos testemuñas do asasinato dun ser querido? Que faríamos se nos atopamos cara a cara coa persoa que o fixo? O filme está baseado nunha experiencia persoal parecida á da protagonista vivida pola cineasta.

Of Fathers and Sons, propón unha ollada dende o interior dunha familia jihadista. Dous nenos obedecen, adoran e admiran o seu pai. Un deles quere seguir o mesmo camiño có seu proxenitor, pero o outro, farto, quere volver á escola.

Marcela Said propón **no filme *Os cans***, outros conectores cara á historia cruenta, e aínda latente da ditadura chilena. Máis que dar novas respostas intenta xerar algunha nova reflexión, co foco posto na explícita complicidade da sociedade civil.

NOVIEMBRE

05

Luns ás 20:30h

MATAR A JESÚS de LAURA MORA ORTEGA

(ASASINAR A XESÚS)

COLOMBIA 2017; 95' V.O.

Ficha técnica

|||||
Dirección: Laura Mora Ortega
Guion: Alonso Torres e
Laura Mora Ortega
Fotografía: James L. Brown

Ficha artística

|||||
Natasha Jaramillo
Giovanni Rodríguez
Camilo Escobar
Carmenza Cossio

- 2017: FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN: PREMIO DA MOCIDADE
- 2017: FESTIVAL DA HABANA: PREMIO CORAL ESPECIAL DO XURADO
- 2017: CAIRO INTERNACIONAL FILM FESTIVAL: PREMIO FIPRESCI Á MELLOR DIRECCIÓN E MELLOR FILME
- 2017: CHICAGO INTERNACIONAL FILM FESTIVAL: PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN
- 2018: GASPARILLA INTERNACIONAL FILM FESTIVAL: GRAN PREMIO DO XURADO Ó MELLOR FILME
- 2018: PANAMÁ INTERNACIONAL FILM FESTIVAL: PREMIO DA AUDIENCIA Á DIRECTORA
- 2018: MOTOVUN FILM FESTIVAL: PREMIO AO MELLOR FILME
- 2018: PALM SPRINGS INTERNACIONAL FILM FESTIVAL: PREMIO CINE LATINO Á DIRECTORA

SINOPSE

Baseado en feitos reais. Unha moza presencia o asasinato do seu pai. Dende a distancia olla o autor mentres el foxe a todo correr nunha motocicleta. A familia terá que afrontar a indolencia oficial na que o caso pronto queda arquivado e suspendido.

LAURA MORA ORTEGA

Realizadora, guionista, montadora e produtora nada en Medellín en 1981. Realiza estudos en dirección e produción de cine na escola RMIT e un máster en guión e dirección no AFTRS, de Melbourne, onde dirixe tamén dúas curtametraxes, *West* e *Brotherhood*. Volta a Colombia no 2008. En 2011, acada o premio do FDC (Fondo para o Desenvolvemento Cinematográfico) para produción de curtametraxe co proxecto *Salomé*, rodada en Medellín ese ano e coa que acadou numerosos premios en festivais internacionais de cine. En 2012, co-dirixe a serie de televisión *Escobar, o patrón do mal*, para Caracol TV, que acadou o premio á Mellor Dirección e Mellor Serie, nos *Premios India Catalina* da Televisión Colombiana 2013. No 2013-2014, co-dirixe a miniserie *No sos vos, soy yo*, adaptación do filme homónimo arxentino. A mediados de 2014 dirixe o filme *Antes del fuego*. No 2013, acadou o premio de Desenvolvemento de Guión do FDC con este proxecto de longametraxe que rodou no 2016, e que, asemade, é o seu último traballo. Ten dirixido tamén publicidade e contido web para produtoras. Ven de fundar recentemente a productora *A Selva Cine*, xunto a Daniela Abad.

NOVIEMBRE **OF FATHERS AND SONS de TALAL DERKI**
12 **(DE PAIS E FILLOS)**
Luns ás 20:30h **SIRIA/LÍBANO/ALEMAÑA 2017; 98' V.O.S.C.**

Ficha técnica

|||||

Dirección e guiión: Talal Derki

Música: K. S. Elias

Fotografía: Kahtan Hassoun

Ficha artística

DOCUMENTAL

- 2018: SUNDANCE FILM FESTIVAL: GRAN PREMIO DO XURADO AO DIRECTOR
- 2018: SWR DOKU FESTIVAL: PREMIO AO MELLOR FILME DOCUMENTAL
- 2018; VALLETTA FILM FESTIVAL: PREMIO ESPECIAL DO XURADO AO MELLOR DOCUMENTAL
- 2018: ZAGREBDOX: PREMIO AO DIRECTOR
- 2018: MUNICH FILM FESTIVAL: PREMIO FRITZ-GERLICH-PREIS AO DIRECTOR
- 2018: FULL FRAME DOCUMENTARY FILM FESTIVAL: PREMIO AO DIRECTOR
- 2018: MADRID INTERNACIONAL DOCUMENTARY FILM FESTIVAL: PREMIO AO MELLOR DOCUMENTAL E MENCIÓN ESPECIAL AO DIRECTOR

SINOPSE

O director viviu durante máis de dous anos coa familia de Abu Osama, un guerreiro de Al-Nusra dunha pequena vila de Siria, centrando a súa cámara nos nenos. Dende pequenos, os nenos son adestrados para seguir os pasos do seu pai e converterse en soldados de Deus.

TALAL DERKI

Guionista e realizador nado en Damasco.

Vive en Berlín dende 2014. Estudou dirección de cine en Atenas e traballou como axudante de dirección de longametraxes para numerosas producións. Tamén foi director de diversos programas da televisión árabe entre 2009 e 2011. Ademais, traballou como operador de cámara independente para a CNN e Thomson & Reuters. As súas curtametraxes e longametraxes teñen sido premiadas en numerosos festivais ao redor do mundo.

Este filme é o seu último traballo.

NOVIEMBRE **LOS PERROS de MARCELA SAID**
19 **(OS CANS)**
Luns ás 20:30h **CHILE 2017; 95' V.O.**

Ficha técnica

|||||
Dirección e guiión: Marcela Said
Música: Grégoire Auger
Fotografía: Georges Lechaptois

Ficha artística

|||||
Antonia Zegers
Alfredo Castro
Rafael Spregelburd
Alejandro Sieveking

2018: PREMIO AO MELLOR ACTOR, ALFREDO CASTRO, NOS PREMIOS PLATINO
2017: STOCKHOLM FILM FESTIVAL: PREMIO Á MELLOR ACTRIZ ANTONIA ZEGERS
2017: MUNICH FILM FESTIVAL: PREMIO CINEVISION -MENCION HONORIFICA Á DIRECTORA-
2017: KOLKATA INTERNATIONAL FILM FESTIVAL: PREMIO AO MELLOR FILME
2017: CAIRO INTERNATIONAL FILM FESTIVAL: PREMIO NAGUIB MAHFOUZ AO MELLOR GUIÓN
2017: FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN: PREMIO HORIZONTES

SINOPSE

Unha muller pertencente á burguesía chilena ocupa os seus días dirixindo unha galería de arte e aprendendo a montar a cabalo. Desprazada polo seu pai e o seu marido dos negocios familiares, comeza a sentirse atraída polo seu profesor de equitación, un ex coronel do exército. Un día, chegan buscando o coronel pola súa participación en crimes durante a ditadura.

MARCELA SAID

Directora, guionista, fotógrafa, actriz e produtora nada en Santiago de Chile en 1972. Licenciada en Estética en Chile, no 1996 trasládase a Francia para a realizar un máster en técnicas e linguaxes de medios na Sorbona. Tres anos máis tarde estrea o seu primeiro traballo documental, *Valparaíso*, producido por Les Films d'Ici para a televisión francesa. No 2001 dirixe *I Love Pinochet*, un documental centrado no ditador chileno, galardoado en varios festivais. Volve a Chile no 2007 xunto co seu marido, Jean de Certeau -tamén cineasta- co que realiza o documental *Opus Dei, unha cruzada silenciosa*, centrado na influencia desa organización católica en Chile. O seguinte traballo xuntos foi o filme *O mocito*, sobre a vida de Jorgelino Vergara, un home que traballou nun centro de tortura durante o rexime militar chileno e que foi estreado na Berlinale 2011. *O verán dos peixes voadores* (2013), no que retrata a difícil convivencia dos chilenos. Este é o seu último traballo.

NOVIEMBRE

FILME SORPRESA

26

Filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo. Se unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos e devolveráselle o importe da cota pagada.

COLABORACIÓNS

Na colaboración coa Alianza Francesa este mes celebramos o mes do documental: catro proxeccións!!

***MAKALA** de Emmanuel Gras; Francia 2017 8/11/2018

***OUVRIR LA VOIX** de Amandine Gay; Francia 2017 14/11/2018

***MAMAN COLONELLE** de Dieudo Hamadi ; Congo-Francia 2017 20/11/2018

***L'ARBRE SANS FRUIT** de Aïcha Macky ; Francia 2016, 28/11/2018

Todas as proxeccións son ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo. A entrada é de balde até completar aforo para todas as sesións.

- Grazas ao acordo coa librería LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.
- Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.
- O uso do teléfono móbil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.
- Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección.

CINECLUBE LUMIÈRE

DE VIGO

Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -

<http://www.lumierevigo.com>

info@lumierevigo.com

PREZOS

Cota anual soci@:	18 euros
Cota filme soci@:	4 euros
Bono Lumière 5 filmes:	15 euros (só soci@s)
Cota filme colaborador@:	5 euros
PARAD@S, con carné:	4 euros